



Instrucións para as saídas terapéuticas das persoas cunha situación de necesidade por padecemento dun trastorno mental en relación coa limitación de circulación polas vías de uso público

O pasado 14 de marzo publicouse o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Neste estado, segundo o artigo 7, límitase a liberdade de circulación das persoas polas vías de uso público para a realización dalgunhas actividades entre as que se atopa a asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables (apartado e) e por causa de forza maior ou situación de necesidade (apartado g).

Nalgunhas persoas con enfermidade mental o confinamento no seu domicilio pode supoñer alteracións significativas do seu comportamento e potencialmente situacións de descompensación psicopatolóxica grave, que requira de atención sanitaria urxente e eventualmente de tratamento hospitalario.

Estes casos consideraranse unha situación de necesidade de acordo co artigo 7 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e poderán realizar saídas que se considerarán saídas terapéuticas, sempre que conte cun informe dun facultativo no que se recolla explicitamente a necesidade para a persoa de levar a cabo estas saídas.

- No caso no que, **excepcionalmente**, se estime que a situación de confinamento pode supor un risco de desestabilización da patoloxía de





base da persoa, dita circunstancia se fará constar nun informe subscrito polo médico ou psicólogo clínico responsable da atención da persoa. En dito informe se fará constar explicitamente as implicacións que a situación de confinamento xera na saúde mental da persoa e o beneficio esperado da adopción desta saída terapéutica excepcional.

Serán subsidiarios de dita medida excepcional as persoas con trastorno de espectro autista, trastorno mental severo e aquelas outras persoas cun trastorno de conduta secundario ao padecemento dun trastorno mental nas que quede claramente explicitada a necesidade da saída terapéutica e o beneficio esperado da aplicación de dita medida. Non poderán levar a cabo esta medida aquelas con indicación de autoillamento, ou diagnóstico de infección por COVID- 19.

As persoas menores, dependentes ou discapacitadas nesta situación deberán ser acompañadas na saída terapéutica polo seu titor/a legal, familiar ou cuidador/a, sempre e cando este/a sexa menor de 70 anos e non presente clínica respiratoria aguda ou estea sometida a unha medida de autoillamento. A persoa deberá saír cun único/a acompañante e levará consigo o informe médico.

Aquelas persoas susceptibles de acollerse a dita medida que contén no seu domicilio ou residencia cun espazo ao aire libre (xardín, patio ou similar) levarán a cabo a saída neste.

As saídas adecuaranse as medidas de protección xerais, evitando lugares pechados e limitando ao imprescindible o número de duración das saídas.

Para a obtención deste informe se solicitará unha cita que se realizará de xeito telemático co seu facultativo médico ou psicólogo clínico de atención primaria ou hospitalaria. Dito informe será accesible a través de





É-Saúde. No caso de que a persoa non dispoña de acceso a dita plataforma, excepcionalmente poderá remitírselle ao seu domicilio por correo certificado.

Complementariamente o Servizo Galego de Saúde favorecerá medidas para diminuír o impacto que sobre as persoas cun trastorno mental ten a actual situación levando a cabo as seguintes medidas.

- O Servizo Galego de Saúde, a través dos dispositivos asistenciais básicos e complementarios para a atención a saúde mental, favorecerá a continuidade asistencial dos pacientes que presentan un trastorno mental. Con tal fin promoveranse medidas organizadas que adapten a actividade asistencial á situación de estado de alarma, e realizaranse seguimentos telemáticos dirixidos especialmente aos casos máis graves.
- As entidades privadas que mantiveran con anterioridade a situación de estado de alarma programas sociocomunitarios financiados publicamente no eido do trastorno mental adaptarán estes, priorizando a atención telemática aos pacientes con maior severidade, en función de criterios clínicos e sociais.
- Informarase a cidadanía de pautas xerais para minimizar o potencial impacto emocional que a adopción das medidas de illamento social poida conlevar.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2020

